

Produccións
CENTRO **CDG_06-07**
DRAMÁTICO GALEGO

 centro
dramático
galego

A piragua

escrita e dirixida por
Cándido Pazó



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM | instituto galego
das artes escénicas
e musicais

 SALONTEATRO

 TEATRO GALEGO

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2006–2007

A piragua

escrita e dirixida por Cándido Pazó

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 572
Fax 981 570 541
centro.dramatico.galego@xunta.es

Comunicación. IGAEM
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.igaem@xunta.es
www.igaem.xunta.es

| ÍNDICE |

| | |
|-------------------------|----|
| Presentación..... | 3 |
| Ficha artística..... | 4 |
| Funcións..... | 5 |
| Sinopse..... | 6 |
| O autor e director..... | 7 |
| O elenco..... | 9 |
| A produción..... | 16 |

| PRESENTACIÓN |

Do anecdótico ao esencial

Como dramaturgo residente do CDG, Cándido Pazó foi o encargado de escribir e dirixir a terceira das producións da temporada 2006-2007, unha obra cuxa liña argumental principal xira arredor da violencia doméstica.

Coa escrita desta peza preténdese crear unha experiencia de ir enfiando, a partir dunha simple anécdota, un discurso dramático que leve o espectador a descubrir a liña argumental esencial, a cal finalmente xustifica e aquilata a proposta escénica.

A anécdota de partida, ademais de ter un valor metafórico, establecerá un ritmo e un ton lixeiro na percepción do público. Desta maneira o espectador entrará nun clima de inconsciencia similar ao das personaxes que circundan a traxedia, podendo, en igualdade de condicións, acompañalas nas súas sospeitas, dúbidas, incredulidades, xustificacións, inhibicións e abraios, na medida en que os feitos dramáticos se vaian facendo patentes.

| FICHA ARTÍSTICA |

Autor e dirección Cándido Pazó

Producción Centro Dramático Galego

Reparto

Xosé Manuel Olveira "Pico" - *Delio*
 Susana Dans - *Rosa*
 Iolanda Muíños - *Lucía*
 Marcos Orsi - *Suso*
 César Goldi - *Brandán*
 Ricardo de Barreiro - *Guzmán*
 Marián Bañobre - *A nena*

Meritorio de dirección Roi Vidal
 Axudante de dirección Belén Pichel
 Axudante de dirección para Commedia dell' Arte Avelino González

Escenografía e vestuario Carlos Alonso
 Composición musical Manuel Riveiro Hermo
 Deseño de iluminación Afonso Castro
 Atrezzo Santos Carrera
 Deseño de máscaras Carlos Portomeñe
 Maquillaxe Dolores Centeno

Fotografía cortina da serie "Casas doentes" Manolo Sendón
 Fotografía Tono Arias
 Deseño gráfico Alberto Gende
 Signum

Realización da escenografía Talleres IGAEM
 Realización de vestuario Concha Abad
 Asistente de vestuario Clotilde Vaello

Caderno pedagógico Ánxela Gracián
 Revisión lingüística Rosetta
 Gabinete de comunicación Trisquelia

| FUNCIONES |

| | |
|-------------------------------|--|
| Santiago de Compostela | Salón Teatro: do 13 de abril ao 13 de maio Estrea: venres 13 de abril ás 21.00 horas Funcións escolares: mércores e xoves ás 11.00 horas Funcións familiares: venres e sábados ás 20.30 horas domingos ás 18.00 horas |
| Ourense | Teatro Principal: 17 de maio ás 20.00 horas |
| Vigo | Centro Cultural Caixanova: 19 de maio ás 22.30 horas |
| Lalín | Novo Salón Teatro: 24 de maio ás 21.30 horas |
| Tui | Teatro Área Panorámica: 31 de maio ás 21.00 horas e o 1 de xullo ás 22.00 horas |
| Vilagarcía de Arousa | Auditorio Municipal: 6 de xuño ás 21.00 horas |
| Pontevedra | Pazo da Cultura: 8 de xuño ás 21.00 horas |
| Ribadeo | Auditorio Municipal: 10 de xuño ás 21.00 horas |
| Carballo | Pazo de Cultura: 14 de xuño ás 21.00 horas |
| Cangas | Auditorio Municipal: 16 de xuño ás 20.30 horas |
| O Barco de Valdeorras | Teatro Lauro Olmo: 22 de xuño ás 21.00 horas |
| Narón | Auditorio Municipal: 29 de xuño ás 20.30 e día 30 ás 20.00 horas |
| A Coruña | Teatro Colón: 6 e 7 de xullo ás 21.00 horas |

| SINOPSE |

Reunión da comunidade de propietarios dun edificio. No momento dos rogos e preguntas un propietario protesta porque hai un veciño que ten unha piragua na súa praza de garaxe. A comunidade divídese nos seus pareceres: nin os estatutos da comunidade nin a Lei de Propiedade Horizontal din nada sobre o uso específico das prazas de garaxe pero, segundo argumentan outros propietarios, as cousas son como son, como teñen que ser, e é obvio e natural que as prazas de garaxe foron creadas para ter nelas vehículos automóbiles.

Acompañando á comunidade no desenvolvemento desta desavinza, que se prolonga durante varios días, imos descubrindo, xunto co resto das personaxes, que nunha das vivendas está a desencadearse unha situación de violencia doméstica. É unha situación que sempre existiu dunha maneira máis ou menos larvada pero que ultimamente está intensificándose, ou cobrando máis visibilidade, debido á nova actitude da vítima. Trátase dunha muller que, farta de aguantar e ante unha progresiva toma de conciencia, decide enfrontarse para establecer unhas novas regras de xogo: as cousas poden e deben ser doutra maneira.

| O AUTOR E DIRECTOR |

Cándido Pazó González

Autor, director de escena, narrador oral e actor, comeza a súa actividade profesional en 1975. Vincúlase ao nacente movemento teatral de Vigo e de Galiza, sendo un dos “benxamíns” das xeracións xurdidas arredor dos primeiros encontros da histórica *Mostra* de Ribadavia.

Na súa formación non regrada cómpre salientar o seu paso pola Ecole Philippe Gaulier, en París, que acabará deixando moita pegada nos seus traballos de escrita e posta en escena.

Logo dunha primeira etapa de actor ou axudante de dirección en diversas compañías e no CDG, debuta como autor e director de escena con *O melro branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil, 1989), peza representada pola súa compañía Tranvía Teatro.

Como director habitual da compañía Ollomoltranvía, pon en escena o seu traballo máis célebre, *Commedia un xoguete para Goldoni*, espectáculo de *commedia dell'arte* que recibe os premios Compostela 1993 ao Mellor Espectáculo, Mellor Dirección e Mellor Actor Protagonista, así como o Premio de la Crítica del País Valenciá ao Mellor Espectáculo de 1994 e o premio da AITA (Asociación Independiente de Teatro de Alicante) como Mellor Espectáculo de 1995.

Realizou postas en escena, adaptacións ou traducións para diversas compañías galegas e o CDG, traballando con textos propios ou de Roma Mahieu, Gil Vicente, Quico Cadaval, Marco Antonio de la Parra, Suso de Toro, Sanchís Sinisterra, Therry Jones, Umberto Eco ou Itziar Pascual.

Entre outros dos moitos espectáculos dos cales foi autor ou director escénico destacan: *Raiñas de pedra* (finalista do Premio Álvaro Cunqueiro, 1991), *Nau de amores*, espectáculo montado a partir de textos de dezaseis obras de Gil Vicente e producida polo CDG; *Nano*, monólogo a partir de textos da novela *Tic Tac* de Suso de Toro, (Premio María Casares 1998 á Mellor Adaptación, Mellor Dirección e Mellor Actor Protagonista); *O bululú do linier* (Premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal); *Miedo Escénico* (en colaboración con outros autores,

estreada en 2001 en Madrid pola compañía Yacer Teatro) *Imaginar, ni Dormir ni Roncar* (en colaboración con outros autores, no 2001, estreada en Valencia por "La Caixeta"). *ÑikiÑaque* (Premio Max 2002 ao Mellor Texto Orixinal en Galego), *Binomio de Newton* (nomeado para os premios Max 2003 como Mellor Texto Orixinal en Galego); *Bicos con lingua*, escrito con outros autores (Premio María Casares 2004 ao Mellor Texto Orixinal) ou *García* (Premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal, nomeado nos premios Max 2006 para Espectáculo Revelación e Mellor Texto Orixinal en Galego).

Estivo entre os dramaturgos europeos seleccionados para participaren no Maratón Europeo da Creación Teatral, dentro do programa de actividades da Capitalidade Cultural Europea de Bruxelas 2000, experiencia en que escribiu *O último roedor* (peza estreada pola compañía belga *Canadair*, baixo a dirección de Alain Wathieu).

No campo da narración oral, alén das súas constantes actuacións en locais especializados, ten participado en numerosos festivais en España, Portugal e América Latina e imparte un seminario anual sobre a oralidade no actor na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto.

| O ELENCO |

Xosé Manuel Olveira “Pico” (*Delio*)

Comezou a súa carreira profesional como actor de teatro en 1972 dentro do grupo de teatro de cámara Ditea, dirixido por Agustín Magán, co cal colaborou en máis de quince montaxes. Desde aquela, entre os numerosos papeis escénicos que interpretou destacan os desenvolvidos para o CDG: *A noite vai como un río* (1986), *A Pousadeira* (1987), *O mozo que chegou de lonxe* (1988), *O arce do xardín* (1989), *Yerma* (1990), *O incerto señor Don Hamlet* (1991), *A Lagarada* (1992), *Leoncio e Helena* (1993), *A fiesta valdeira* (1994), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de Amores* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *Si o vello Simbad volveuse ás illas* (1999), *Calígula* (2000), *O ano do cometa* (2004) e *Ricardo III* (2005).

Tamén ten participado noutros espectáculos de compañías profesionais como O Mourcho Clerc en *Na fraga do conde* (1987-1988), *A caza do snark* (1989-1990) e *O rousinol da Bretaña* (1990-1991), así como en *Na casca dunha árbore* (Kukas Produccións, 1992), *Saxo Tenor* (Teatro do Aquí, 1992-1993), *A Vía Láctea* (Produccións Máxicas, 1993), *Golfos de Roma* (O.M.Teatro, 1994), *Cartas de Amor* (Lagarta, Lagarta, 2000) e *O binomio de Newton* (Teatro de Adro, 2001).

As catro primeiras producións cinematográficas en que participa están dirixidas por Chano Piñeiro, 25 filmes a partir de mediados dos 80 con directores como Pedro Carvajal, José Luis García Sánchez, Mario Gas, José Luis Cuerda, Gracia Querejeta, Antón Reixa, Rafael Moleón, Jorge Coira, Alex Sampaio, Luis Avilés, Gutiérrez Aragón, Ramón Costafreda, Alejandro Amenábar etc., aínda que é máis coñecido pola súa faceta humorística en programas como *O veciño do xoves* ou teleseries como *Os outros feirantes*, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *A vida por diante* da TVG, *El comisario* e *Hospital Central* (estas dúas de Tele 5).

Entre os premios que recibiu cómpre citar o Premio María Casares 1999 ao Mellor Actor Protagonista por *Si o vello Simbad volveuse ás illas*, o Premio María Casares 2000 ao Mellor Actor Secundario por *Calígula* e o Premio María Casares 2002 ao Mellor Actor Protagonista por *Binomio de Newton*. Foi nomeado para o Mellor Actor Protagonista María Casares 2005 por *Ricardo III*.

Susana Dans (*Rosa*)

Actriz de teatro, cine e televisión, Susana Dans posúe unha ampla e recoñecida traxectoria profesional, tal e como o demostran os numerosos premios que recibiu: Premio María Casares 2005 á Mellor Actriz Secundaria por *O ano do cometa* do CDG, II Premio de interpretación Maruxa Villanueva pola súa traxectoria no ano 2002, Premio María Casares 2002 á Mellor Actriz Secundaria por *Rosalía* do CDG e o Premio María Casares 2000 á Mellor Actriz Protagonista por *O cerco de Leningrado* de Teatro do Atlántico.

Canto ao audiovisual, actuou en numerosas producións propias da TVG como *Caravana de sabores*, *Pratos combinados*, *Os outros feirantes*, *Arroz con chícharos*, *Arestora...* Mais tamén participou nas longametraxes *Blanca Madison* (2003), dirixida por Carlos Amil, *Martes de Carnaval* (1991), de P. Carvajal e F. Bauluz, *Divinas Palabras* (1987) de J. L. García Sánchez e na curtametraxe *Cabeza de boi* (1996), de José Carlos Soler.

Susana Dans traballou anteriormente co CDG en *A Pousadeira* (1987), *O arce do xardín* (1989), *O incerto señor don Hamlet* (1991), *A Lagarada* (1992), *Leoncio e Helena* (1993), *Nin me abandonarás nunca* (1995), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995), *Nau de Amores* (1995), *Hostia* (1996), *Como en Irlanda* (1996), *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1997), *O bufón de El Rei* (1997), *Memoria de Antígona* (1998), *A burla do galo* (2000), *Rosalía* (2001) e *O ano do cometa* (2004).

A súa experiencia profesional complétase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *Muller do porvir* de Teatro da Lúa, *O cabodano* e *Saxo tenor* de Teatro do Aquí, *Mulleres*, *Tringuili-trángala* e *Fedra Gómez* de Uvegá Teatro, *O cerco de Leningrado* e *Vellos Tempos* de Teatro do Atlántico, *A casca dunha árbore*, de Kukas Producións Artísticas, *Tatuaxe* e *Salacot e filloas (cabaret)* de Pifano Teatro, *Como as camisas de liño* da Escola Dramática Galega, *Aquela historia de Bly* e *Forzas eléctricas* da Compañía Luís Seoane e *O prohibido* de cabaret Susana Dans.

Compaxina o seu labor interpretativo coa faceta de cantante como vocalista do grupo de son-bolero *Danzones*. Ten realizado diferentes traballos de dobraxe e copresenta o programa da Radio Galega *Chascarraschás*.

Iolanda Muíños (*Ana*)

Estudou interpretación na Escola de Teatro de Narón e participou en diversos seminarios con profesionais da escena e do audiovisual como Albert Boadella, Ángel Burgos, Michel Cerdá, M^a del Mar Navarro, Cristina Rota, Paco Pino, Mariano Barroso etc., ampliando a súa formación no mundo da danza (clásica e contemporánea) e do canto.

En 1992 forma cuns compañeiros a súa propia compañía, *Caroza Teatro*, e catro anos máis tarde comeza a súa andaina en solitario traballando nalgunhas das compañías máis importantes do panorama teatral galego; as máis recentes son: *Os carros do camiño* (Ollomoltravía, 1999), *Rosalía* (CDG, 2001), *Pervertimento* (Teatro do Atlántico, 2002), *Fobias* (Lagarta, Lagarta, 2004) que lle valeu un nomeamento nos premios de teatro María Casares á Mellor Actriz Protagonista por *Hamlet* (Producións RTA, 2005-2006).

No mundo audiovisual faise popular polo seu traballo na serie *Libro de familia*, onde interpreta a personaxe de *Marisiña*, que lle valeu un nomeamento á mellor actriz protagonista nos premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo 2005. Con anterioridade actuara nas series *Los Serrano* (Tele 5) e *Pratos combinados* e *Rías Baixas*, así como nos programas *Máxima audiencia* e *Comando Zapping*, estes catro últimos da TVG.

No cinema participou nos filmes *Trece campanadas* de Xavier Villaverde e *Mar adentro* de Alejandro Amenábar.

Marcos Orsi (*Marcos*)

Comezou a súa carreira de actor nos anos 80 con Arte Livre do seu São Paulo natal. Con esta compañía dramática, Orsi vén a Europa en 1986 e acaba fixando a súa residencia en Galiza. Sobe ao escenario con diversas compañías teatrais como Teatro do aquí, Bacana ou Ollomoltranvía, coas que participa como actor, director e bailarín nas obras *A ópera de a Patacón*, *Qui pro quo*, *Ratman e Bobyn*, *Caperucitoloxía*, *Escola de bufóns*, *Raiñas de pedra*, *Commedia*, *un xoguete para Goldoni*, *Fas e Nefas*, *Moleques*, *Narciso e Goldmund* e *Amar verbo intransitivo*.

Para o Centro Dramático Galego interveu en seis das súas producións: *O ano da cometa* (2004), *A comedia do gurgullo* (2003), *A burla do galo* (2000), *Si o vello Simbad volveuse ás illas* (1999), *Un soño de verán* (1992) e *O incerto señor don Hamlet* (1991).

Ten actuado en varias teleseries da TVG, entre as cales destacan *Rías Baixas*, *As leis de Celavella*, *A miña sogra e máis eu*, *Mareas vivas*, *Pratos combinados*, *Galicia express* e nalgúns episodios de *El comisario* e *Hospital Central*, de Tele 5. No ámbito cinematográfico, os seus papeis máis relevantes inclúen interpretacións en *O agasallo de Silvia*, *O lapis do carpinteiro* e *Era outra vez*. Tamén ten experiencia no eido publicitario.

Entre os premios que recibiu destacan o Premio Compostela 1992 como Mellor Actor Secundario por *Un soño de verán* e o Premio Compostela 1994 como Mellor Actor Protagonista por *Commedia*, *un xoguete para Goldoni*. Foi nomeado como Mellor Actor aos premios Mestre Mateo 2003 polo seu traballo na serie *Rías Baixas*, así como aos Premios María Casares 2005, 2000 e 1999 como Mellor Actor Secundario por *O ano da cometa*, *Si o vello Simbad volveuse ás illas* e *Qui pro quo*, respectivamente, e como Mellor Actor Protagonista en 2004 por *Comedia do gurgullo*.

César Goldi (*Brandán*)

Actor de teatro, cinema e televisión, nos últimos dez anos traballou en sete espectáculos producidos por A Factoría Teatro: *Tío Vania* (2005), *Coitelos nas galiñas* (2001), *As presidentas* (2000), *A casa de América* (1998), *Para o leste do Gantry* (1997), *Cantos, contos, contas* (1995) e *Na soidade dos campos de algodón* (1995), de Bernard-Marie Koltès.

Co Centro Dramático Galego, formou parte dos elencos de *O regreso ao deserto* (2006), *A comedia do Gurgullo* (2003), *Rosalía* (2001) e *A Lagarada* (1992). Participa tamén no espectáculo *The Magical Brothers*, escrito e dirixido xunto a Luis Tosar e Piti Sanz, ademais de nas montaxes *Capercitoloxía* da compañía Contra-Contos (1999), *¿Eres tú, Pancho Villa?* de De Fabulous Perralhas (1994), *Escola de bufóns* de Ollomoltranvía (1996), e *O desengano do prioiro e Saxo tenor* de Teatro do Aquí (1995 e 1993, respectivamente).

En televisión desenvolveu papeis protagonistas en *Mareas vivas*, *Un mundo de historias*, *Machiños*, *Canalone* e *Cuarto sen ascensor*, ademais de participar en varios episodios de *Pratos combinados*, *Galicia Exprés*, *Petra Delicado*, *El Comisario*, *Cuéntame* e *Terras de Miranda*. Foi tamén presentador e cantante nas Xabaxiras do Xabarán Club, realizou *sketches* para o espazo *Por fin ya es viernes... o no*, producido por Globomedia, e interveu nos filmes para televisión *Pataghorobí* e *Chapapote, o no*.

Canto ao cinema, traballou como actor de reparto nas longametraxes *Sei quen es*, *Lena*, *O regalo de Silvia*, *El año de la garrapata*, *Un día en Europa* e *El rey de los huevones*, e participou nas curtas *A proba*, *A ti como se che di adeus*, *Antonio*, *Jorge e Luis*, *Aerolito*, *La verdad si no miento*, *Las rubias los prefieren caballeros*, *El último peldaño* e *Retrato*.

Ademais da súa formación como alumno da Aula de Teatro e do Curso de Especialización en Arte Dramática da Universidade de Santiago, con mestres como Jacques Nichet, Claude Buchvald, Thomas Leabhart e Manuel Lourenzo, asistiu, entre outros, a cursos monográficos impartidos por Fabio Mangolini (Commedia del Arte), Leo Bassi e Eric de Bont (clown, bufón), Martin Adjemian e Augusto Fernández (interpretación).

Ricardo de Barreiro (Guzmán)

Actor e narrador oral, iniciouse no mundo do teatro con compañías da escena afeccionada, actuando en *De cando os ingleses invadiron Noia* (Teatro do Curro), *A lebre das ánimas* de Eduardo Blanco Amor (Teatro do Curro), *A parada de Rafael Portillo* (Teatro de Adro), *Un día de espías* de Ignacio del Moral (Teatro do Curro), *Luces baixo a area* (Apeirón Teatro), *Talmente estándar* de Ricardo de Barreiro, *Orzowei* de Ricardo de Barreiro, *Merda*, de Ricardo de Barreiro, Rafael G. García e Xavier Estévez, así como nas lecturas dramatizadas *O serodio remordemento do amor* de Xavier Lama (dirixida por Artur Trillo), *O último roedor* (Cándido Pazó), *Ás veces neva en abril* de João Santos Lopes (Rosa Álvarez) e *A Ponte* (Cándido Pazó).

Realizou múltiples traballos para diferentes series de ficción da TVG e colaborou tamén en programas de produción propia da mesma canle, como *Rías Baixas*, *Galicia Exprés*, *Encontros*, *Miña sogra e máis eu*, *A vida por diante*, *O show dos tonechos*, *Zapping comando*, *Avenida de América*, *Terra de Miranda*, *Pequeno Hotel*, *Fios*, *Máxima Audiencia*, *Gala Xacobeo 2004*, *Esto é noticia*, *Luar* y *Chicho Lameiro*, *o Tomboleiro* e *A Gran Verbena*. Mesmo participou nalgún episodio da serie *El comisario* de Tele 5 e na gala *Inocente Inocente* de Antena 3.

Canto ao cinema, participou en diversas curtametraxes: *Inútil* de Paco Rañal, *Non sei* de Óscar Sendón, *Boa Sorte?* de Ramón Campos e Ramón Agra, *Lobos* de Daniel de la Torre, *Esperando el momento* de Jorge Saavedra, *Mil estrelas*, de Daniel Trillo, *Servicio a domicilio* de Jorge Saavedra, *Fotomatón*, de Tamar Novas e recentemente en *Sen chumbo*, de Julio López e Jorge Saavedra e *Buenos días* de Daniel de la Torre, pola cal obtivo o premio ao Mellor Actor de Curtametraxes no Festival de Cans 2006.

Marián Bañobre (*A nena*)

Iniciouse no mundo do teatro profesional a principios do ano 2000 tras diplomarse pola escola actoral Casahamlet da Coruña, baixo a dirección de Manuel Lourenzo e Santiago Fernández. Nesta época protagoniza a obra *A Orestíada* e colabora no elenco de *A doncela guerreira*.

Tamén traballou como *clown* en *As cincetas desclowntroladas* (Dous son compañía, 2001), así como coa compañía francesa Théâtre Organic en *Où va la lumière quand il fait noir?* (2004), ademais de nas montaxes *Cousas de mulleres* (2001), *U-la praia* (2001) e *Manicomio só para clowns* (2002), estas últimas coa compañía Os sete magníficos máis un.

Nos últimos anos interveu para a compañía Teatro de Ningures nos espectáculos *Misericordia* (2006), *O Tartufo* (2005), polo cal recibiu o Premio María Casares 2005 á Mellor actriz secundaria, e *O Principiño* (2002), ao tempo que para a compañía Teatro do Morcego actuou en *A farsa do Bululú* (2005), *O circo enmeigado* (2005), *Momo* (2004), *Os vellos non deben de namorarse* (2003) e *A gran ilusión* (2003). Actualmente, desenvolve o papel de protagonista na obra *Fóra de xogo* (2007), coa compañía Nove dous.

Para mellorar a súa formación realizou máis dunha trintena de cursos monográficos sobre distintas materias relacionadas coa profesión, tales como *Commedia dell'Arte*, *clown*, bufón, interpretación en cámara, dobraxe, danza, accións físicas, voz, expresión corporal, máscara neutra, teatro de rúa, interpretación do verso etc., con mestres como Claudia Contin e Ferruccio, Jonh Wright, Pierre Byland, Luis Iglesias, Sandra Montes, Berta Ojea, Etelvino Vázquez, Sophie Gazel, Antonio Fava, Vicente Fuentes, Olga Cameselle, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Isabel Úbeda, Leo Bassi, Joan Serrat, Carlos Bizcaíno, Theodor Smeu, Pablo Muñoz e Jons Pappila, Mar Navarro e Andrés Hernández, Mita Adriana Beutel, Cándido Pazó, Chedes Suárez, Andrés Pazos, por citar algúns.

Polo que respecta á súa experiencia como actriz en audiovisual, participou nalgún episodio da serie *Nada es para siempre* e nas curtametraxes *Premio* (2006), *1,2,3... Acción* (2005) e *Clara e Mario* (2004) con alumnos de comunicación audiovisual da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.

/ PRODUCCIÓN /

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral -compañía de teatro- adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro -artístico- de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega.

Nestes máis de 20 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por tempada, apuntaron cara a varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado, xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico do IGAEM (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia e no cal a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron *Tarará-Chis-Pum* (2007) de Artello Teatro Alla Scala 1:5, *O regreso ao deserto* (2006) de Bernard-Marie Koltès, baixo a dirección de Cristina Domínguez Dapena; e a adaptación do conto tradicional ruso *A cabana de Babaigá* (2006), de Paula Carballeira.